**ASUNTO PLE/2021/00044188V**

**ACTA NÚM. 15 - SESIÓN EXTRAORDINARIA 8 DE OUTUBRO DE 2021**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **14:01 horas** do día **08 de outubro de 2021,** constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

**A S I S T E N:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente salón de plenos)

**PSdeG-PSOE:**
Dona Mercedes Rosón Ferreiro (presente salón de plenos)
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez (presente salón de plenos)
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

**PP:**
Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente salón de plenos)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente salón de plenos)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres (presente salón de plenos)

**CA:**
Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente salón de plenos)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez (presente salón de plenos)
Don Xan Xesús Duro Fernández (presente salón de plenos)

**BNG:**
Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente salón de plenos)
Dona Navia Rivas de Castro (presente salón de plenos).

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor xeral do concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

atopan en territorio español.

**O R D E D O D Í A:**

**1. Aprobación conta xeral ano 2020.**

**2. Aprobación do expediente de suplemento de crédito núm. 2021-SUPLE-05, por importe de 7.000,00 Euros para a adquisición de motocicletas para a Policía Local.**

**3. Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-08, por importe de 36.196,76 euros para a reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de Creación Cultural da Almáciga, financiado con baixas por anulación.**

**4. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de setembro de 2021 relativo á resolución do procedemento incoado de perda do dereito ao cobro total ou parcial de subvención concedida ao abeiro da convocatoria de axudas ao rescate do comercio local afectado pola COVID-19, anualidade 2020.**

Antes de dar comezo a tratar os asuntos incluídos na orde do día, e a proposta do Sr. Alcalde, a Corporación Municipal mostra as súas condolencias polo pasamento de Don Valeriano Martínez, Conselleiro de Facenda, a súa familia e máis á Presidencia da Xunta de Galicia.

**1. APROBACIÓN CONTA XERAL ANO 2020.**

A conta xeral correspondente ao exercicio de 2020 foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, na súa sesión extraordinaria do día 07 de setembro de 2021, e publicada no BOP do día seguinte (8 de setembro, núm. 171), e durante o período de exposición non se formularon reparos nin observacións á mesma.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

1. Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2020, e que inclúe as das seguintes entidades:

Concello de Santiago de Compostela.
Organismo Autónomo Auditorio de Galicia.
Sociedade Municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA).
Sociedade Municipal Xestión de Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).
Mercados Centrales de Abastecemento de Santiago (MERCAGALICIA).
Fundación Refuxio de Animais.
Fundación Eugenio Granell.

2. Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, nos termos establecidos no artigo 212.5 do TRLRFL e restante normativa de aplicación.

**2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 2021-SUPLE-05, POR IMPORTE DE 7.000,00 EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE MOTOCICLETAS PARA A POLICÍA LOCAL.**

A proposta da concelleira delegada da área de facenda, de data 20 de setembro de 2021, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico do CX 02 Policía Local (n.º 2021/ 34121R e n.º de encargo 14058) polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas, en base ao manifestado polo responsable administrativo do centro xestor 02, de solicitude de tramitación dun expediente de suplemento de crédito financiado con baixas por anulación.

2. Vista a comunicación de cesión de crédito asinada polo enxeñeiro municipal e o concelleiro delegado de Medio Rural (nº de expediente electrónico 2021/ 33382K e n.º de encargo 13742) en relación ao proxecto 2018 2 CONST 50.

3. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2021-SUPLE-05 por un importe total de 7.000,00€, financiado con baixas por anulación.

4. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 16.07.2021.

5. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 19.07.2021 e con número de referencia 62/2021.

6. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.

7. Visto o acordo da Xunta de Goberno de 20.09.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE-05.

CONSIDERACIÓNS

1. Normativa de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigo 177.
Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 35, 36 e 37.
Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
Acordo do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de outubro de 2020 na que apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de

emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais.
Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.
Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021.

2. Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprense os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2021-SUPLE-05, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

3. O expediente que se presenta a aprobación pretende suplementar crédito na aplicación 010 23104 6230001 de importe 7.000,00 euros no proxecto de gasto que se crea, 2021 2 VEHIP 30, co obxecto de adquirir motocicletas para a Policía Local.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidades crédito, é de 7.000,00 euros, e resulta necesaria e imprescindible ao non existir no orzamento municipal actual crédito axeitado e suficiente para dar completa cobertura a aquela prevista inicialmente en menores importes.

O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

| Descrición | CX | Aplicación orzamentaria | | | Proxecto | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Adquisición dúas motocicletas policía local e outros vehículos | 2 | 060 | 13200 | 6240000 | 2021 2 VEHIP 30 | 20.000,00 | 7.000,00 | 27.000,00 |

**TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2021-CREXT-05 7.000,00**

Esta proposta de suplemento de crédito fináncíase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente no orzamento actual nun proxecto de gasto. Esta dispoñibilidade comunícase desde o departamento de Medio Rural por ter concluída a finalidade para o que foi creado. O detalle do proxecto e importes que financian este modificativo de crédito é os seguinte:

| Descrición | CX | Aplicación orzamentaria | | | Proxecto | Crédito inicial | Importe Baixas por anulación | Crédito definitivo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible<br>Préstamo Deputación da Coruña PAI 2020 formalizado e disposto que PAI 2020 con destino á redución de débeda con entidades financeiras | *35* | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 20.593,07 | 7.000,00 | 13.593,07 |

Neste sentido, fíxose a operación contable RC que financia o suplemento de crédito co

número de operación 220210011884 e número de referencia 22021006405.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de **suplemento de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-05 por importe de SETE MIL EUROS (7.000,00 EUROS)** para a adquisición de vehículos para a Policía Local, financiado conbaixas por anulación.

En resumo:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2021-SUPLE-05) | | | | | | | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe MC** | **TIPO MC** | **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe Baixas por anulación** |
| Adquisición dúas motocicletaspolicía local e outros vehículos | 060 | 13200 | 6240000 | 2021 2 VEHIP 30 | 7.000,00 | **SC** | Baixas por anulación do créditodispoñible Préstamo Deputación da CoruñaPAI 2020 formalizado e disposto que PAI 2020 con destino á redución de débeda con entidades financeiras | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 7.000,00 |
| | | | | | **7.000,00** | | | | | | | **7.000,00** |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe** |
| Adquisición dúas motocicletas policía locale outros vehículos | 060 | 13200 | 6240000 | 2021 2 VEHIP 30 | 7.000,00 |
| | | | | | **7.000,00** |

B) Financiamento:

| FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | **Proxecto** | **Importe Baixas por anulación** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Deputación da Coruña PAI 2020 formalizado e disposto que PAI 2020 con destino á redución de débeda con entidades financeiras | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 7.000,00 |
| | | | | | **7.000,00** |

Baixas por anulación: **7.000,00 euros**

1. Resumo do expediente de modificación de crédito:

| EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|
| 1.- Total crédito extraordinario....................<br>Total suplemento de crédito………………….. | 7.000,00€ |
| 2.- Financiamento | |
| a) Novos ingresos................................ | |
| b) Baixas por anulación....................... | 7.000,00€ |
| c) Remanente de tesourería para gastos xerais | |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE- 05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2021-SUPLE-05 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma."

Á vista da proposta da concelleira delegada da área de facenda, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión extraordinaria do día 5 de outubro do corrente ano, o Pleno por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-05 por importe de SETE MIL EUROS (7.000,00 EUROS) para a adquisición de vehículos para a Policía Local, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2021-SUPLE-05) | | | | | | | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe MC** | **TIPO MC** | **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe Baixas por anulación** |
| Adquisición dúas motocicletas policía local e outros vehículos | 060 | 13200 | 6240000 | 2021 2 VEHIP 30 | 7.000,00 | SC | Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Deputación da Coruña PAI 2020 formalizado e disposto que PAI 2020 con destino á redución de débeda con entidades financeiras | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 7.000,00 |
| | | | | | **7.000,00** | | | | | | | **7.000,00** |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe** |
| Adquisición dúas motocicletas policía locale outros vehículos | 060 | 13200 | 6240000 | 2021 2 VEHIP 30 | 7.000,00 |
| | | | | | **7.000,00** |

B) Financiamento:

| FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe Baixas por anulación** |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Deputación da Coruña PAI 2020 formalizado e disposto que PAI 2020 con destino á redución de débeda con entidades financeiras | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 7.000,00 |
| | | | | | **7.000,00** |

Baixas por anulación: **7.000,00 euros**

1. Resumo do expediente de modificación de crédito:

| EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|

| | |
|---|---|
| 1.- Total crédito extraordinario.................... | |
| Total suplemento de crédito………………….. | 7.000,00€ |
| 2.- Financiamento | |
| a) Novos ingresos............................... | |
| b) Baixas por anulación...................... | 7.000,00€ |
| c) Remanente de tesourería para gastos xerais | |

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE- 05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2021-SUPLE-05 se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**3. APROBAR INICIALMENTE O EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO BAIXO O NÚMERO DE EXPEDIENTE 2021-CREXT-08, POR IMPORTE DE 36.196,76 EUROS PARA A REFORMA E LEGALIZACIÓN DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL DA ALMÁCIGA, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.**

A proposta da concelleira delegada de facenda, en relación ao presente punto, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. Vista a solicitude presentada en expediente electrónico do CX 19 Mocidade (n.º 2021/33150L con número de encargo 13693) polo concelleiro delegado de Educación, Mocidade e Políticas Lingüísticas, en base ao manifestado polo técnica de Mocidade, responsable administrativo do centro xestor 19, de solicitude de tramitación dun expediente de crédito extraordinario financiado con baixas por anulación.

2. Vista a comunicación de cesión de crédito asinada polo enxeñeiro municipal e o concelleiro delegado de Medio Rural (nº de expediente electrónico 2021/ 33382K e n.º de encargo 13742) en relación ao proxecto 2018 2 CONST 50.

3. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2021-CREXT-08 por un importe total de 36.196,76 €, financiado con baixas por anulación.

4. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 16.07.2021.

5. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 19.07.2021 e con número de referencia 59/2021.

6. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.

7. Visto o acordo da Xunta de Goberno de 20.09.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-08.

CONSIDERACIÓNS

1. Normativa de aplicación:
Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigo 177.
Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 35, 36 e 37.
Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
Acordo do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de outubro de 2020 na que apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais.
Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.
Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021.

2. Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprense os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2021-CREXT-08, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

3. O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito na aplicación 010 23104 6230001 de importe 36.196,76 euros no proxecto de gasto que se crea, 2021 2 CXOVE 60, co obxecto de acometer a reforma e legalización eléctrica do centro Xove de Creación Cultural da Almáciga.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidades crédito, é de 36.196,76

euros, e resulta necesaria e imprescindible ao non existir no orzamento municipal actual crédito axeitado e suficiente para atender á necesidade non prevista no orzamento vixente O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

| Descrición | CX | Aplicación orzamentaria | | | Proxecto | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de creación cultural da Almáciga | 19 | 080 | 23104 | 6230001 | 2021 2 CXOVE 60 | 0,00 | 36.196,76 | 36.196,76 |

**TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2021-CREXT-08** **36.196,76**

Esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente no orzamento actual nun proxecto de gasto. Esta dispoñibilidade comunícase desde o departamento de Medio Rural por ter concluída a finalidade para o que foi creado. O detalle do proxecto e importes que financian este modificativo de crédito é os seguinte:

| Descrición | CX | Aplicación orzamentaria | | | Proxecto | Créditoinicial | Importe Baixas por anulación | Crédito definitivo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución | *35* | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | *56.789,83* | 36.196,76 | *20.593,07* |

Neste sentido, fíxose a operación contable RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220210011883 e número de referencia 22021006404.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-08 por importe de TRINTA E SEIS MIL CENTO NOVENTA E SEIS EUROS E SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (36.196,76 EUROS) para reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de Creación Cultural da Almáciga, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-08) | | | | | | | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Descrición | Aplicación orzamentaria | | | Proxecto | Importe MC | TIPO MC | Descrición | Aplicación orzamentaria | | | Proxecto | Importe Baixas por anulación |
| Reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de creación cultural da Almáciga | 080 | 23104 | 6230001 | 2021 2 CXOVE 60 | 36.196,76 | CE | Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 36.196,76 |
| | | | | | **36.196,76** | | | | | | | **36.196,76** |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO

| HABILITACIÓN DE CRÉDITO | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | **Proxecto** | **Importe** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de creación cultural da Almáciga | 080 | 23104 | 6230001 | 2021 2 CXOVE 60 | 36.196,76 |
| | | | | | **36.196,76** |

B) Financiamento:

| FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe Baixas por anulación** |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución | 0100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 36.196,76 |
| | | | | | **36.196,76** |

Baixas por anulación: **36.196,76 euros**

1. Resumo do expediente de modificación de crédito:

| EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|
| 1.- Total crédito extraordinario.................... | 36.196,76 € |
| Total suplemento de crédito………………….. | |
| 2.- Financiamento | |
| a) Novos ingresos............................... | |
| b) Baixas por anulación....................... | 36.196,76 € |
| c) Remanente de tesourería para gastos xerais | |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-08 se contra él non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma."

Á vista da proposta da concelleira delegada da área de facenda, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión extraordinaria do día 5 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-08 por importe de TRINTA E SEIS MIL CENTO NOVENTA E SEIS EUROS E SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (36.196,76 EUROS) para reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de Creación Cultural da Almáciga, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| **CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2021-CREXT-08)** | | | | | | | **FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe MC** | **TIPO MC** | **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe Baixas por anulación** |
| Reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de creación cultural da Almáciga | 080 | 23104 | 6230001 | 2021 2 CXOVE 60 | 36.196,76 | **CE** | Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución | 100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 36.196,76 |
| | | | | | **36.196,76** | | | | | | | **36.196,76** |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| **HABILITACIÓN DE CRÉDITO** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe** |
| Reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de creación cultural da Almáciga | 080 | 23104 | 6230001 | 2021 2 CXOVE 60 | 36.196,76 |
| | | | | | **36.196,76** |

B) Financiamento:

| **FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición** | **Aplicación orzamentaria** | | | **Proxecto** | **Importe Baixas por anulación** |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. formalizado e disposto que financiaba no ano 2018 a reforma do parque da Constitución | 0100 | 17100 | 6090000 | 2018 2 CONST 50 | 36.196,76 |
| | | | | | **36.196,76** |

Baixas por anulación: **36.196,76 euros**

1. Resumo do expediente de modificación de crédito:

| EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---|
| 1.- Total crédito extraordinario.................... | 36.196,76 € |
| Total suplemento de crédito………………….. | |
| 2.- Financiamento | |
| a) Novos ingresos................................ | |
| b) Baixas por anulación....................... | 36.196,76 € |
| c) Remanente de tesourería para gastos xerais | |

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-08 se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**4. DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2021 RELATIVO Á RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO INCOADO DE PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO RESCATE DO COMERCIO LOCAL AFECTADO POLA COVID-19, ANUALIDADE 2020.**

Dáse conta ao Pleno do acordo da Xunta de Goberno Local do día 21 de setembro do corrente ano, relativo á resolución do procedemento incoado de perda do dereito ao cobro total ou parcial de subvención concedida ao abeiro da convocatoria de axudas ao rescate do comercio local afectado pola COVID, 19, anualidade 2020.

Remata a sesión ás 14:44 horas. Dou fe.

Selo de órgano de Alcaldía
Data da sinatura: 04/11/2021

JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ - 71866838A
Data da sinatura: 04/11/2021
Secretario Xeral SECRETARÍA XERAL